



Nivel 5º Infantil A/B.

LUNS 8	MARTES 9	MÉRCORES 10	XOVES 11	VENRES 12
<p>LÓXICA-MATEMÁTICA</p> <p>BARCO XEOMÉTRICO Nomeamos as distintas figuras xeométricas que hai no barco, con plastilina formamos as figuras. Mediante o uso de figuras xeométricas podemos crear o noso propio barco.</p> <p>COLOREA O INTRUSO. Fíxate ben nos debuxos e colorea o elemento que é diferente.</p> <p>XEADOS Facemos uns cucuruchos con distintos números, con plastilina temos que facer tantas bolas como indique. No Drive Familias teredes a versión para imprimir desta actividade.</p> <p>TIRA O DADO, REPASA E COLOREA Tiramos o dado, contamos os puntos, repasamos o número que corresponda, pintamos tantos raios de sol como corresponda. Xoga tantas veces como queiras!</p>	<p>LECTOESCRITURA</p> <p>AS ESTACIÓNS Primeiro falamos das características das catro estacións, das diferencias de roupa, clima, comida ... Despois temos un poema para recitar e facer un debuxo sobre o mesmo.</p> <p>VERÁN Facemos un cartel coa palabra verán. Podemos escribir nós a palabra ou colorea a que temos de exemplo. Despois pensamos palabras que empecen polas letras que a compoñen.</p> <p>RIMAS Elixe a palabra que rime, teñen que terminar igual. Tamén podes pensar rimas co vocabulario do verán que axuntamos no Drive.</p> <p>RECEITAS Cal é a túa receita favorita do verán? Escribe os ingredientes, debuxa ou fai unha foto a túa receita. Tedes algunha na carpeta do Drive Familias.</p>	<p>GRAFOMOTRICIDADE</p> <p>PEIXIÑO DE CORES Empregando o tallo do apio, estampamos distintas cores neste peixiño tan simpático. Podemos poñerlle un ollo móbil para rematar a actividade.</p> <p>TRAZOS E XEADOS Decoramos os xeados empregando diferentes grafismos: puntos, raias verticais ou horizontais, cruces, asteriscos, círculos, bucles ...</p> <p>SANDÍA Nun folio estampamos cunha pataca cortada nun cuarto, engadimos cun pincel a liña verde. Deixamos secar e debuxamos as sementes cun marcador negro. Podedes probar a facer outras froitas típicas do verán.</p> <p>CAMIÑOS DO VERÁN Imprime as tarxetas que atoparás no Drive e segue os diferentes camiños. Primeiro faino cun lapis e despois cun rotulador.</p>	<p>ARTE</p> <p>MEDUSAS Nunha cartolina debuxamos un círculo do tamaño que queiramos que sexa a nosa medusa, decoramos como máis nos guste, cunhas tesoiras facemos un corte ata a metade, pegamos papeliños e dobramos.</p> <p>KOINOBORI Para facer estes simpáticos peixes de orixe xaponés, só necesitamos rolos de papel hixiénicos e papel de seda ou confeti, cun folio facemos os ollos.</p> <p>SOMOS SUBMARINISTAS Con cartolina, papel celofán e unha cana facemos a nosa careta de submarinista. Fai unha foto e con ela un bonito cadro, tedes os modelos no Drive.</p> <p>QUE CALOR! Con depresores e papel ou cartolina podemos facer un abanico. Recorta a forma dun rectángulo e decóralo libremente. Prega o rectángulo e pega nos extremos os depresores. Modelo no Drive.</p>	<p>XOGOS</p> <p>A PESCAR Con feltro, tea ou cartolina facemos uns peixiños, dentro deles poñemos un clip metálico. Facemos unha cana de pescar cun pau e fío. Ao final do fío poñemos un imán. Xa podemos pescar!</p> <p>BARCOS Facemos os nosos barcos con cortiza, cartolina, tapóns de plástico ... Poñemos varios nun recipiente con auga e facemos unha carreira. Quen gañou?</p> <p>XOGO CON VASOS Collemos tres vasos e enchémolos de auga. Poñemos unha pelota pequena, que non pese moito, enriba do primeiro. Intentamos pasar a pelota dun vaso ao outro soprando, sen empregar as mans.</p> <p>POMPAS Elaboramos a nosa propia mestura de xabón e auga para facer pompas. Podemos crear tamén os utensilios. Tedes a receita e os modelos no Drive Familias.</p>

Axuntamos explicacións e actividades na guía.